



Información sobre a situación das convocatorias de prazas para Navantia

Neste momento están en marcha ou pendentes catro convocatorias de prazas para Navantia: sénior 2019; técnicos de Prevención e de Medio Ambiente; técnicos superiores júnior 2019 e operarios e empregados júnior 2019. As de 2020, nin aparecen no horizonte. A situación delas é a seguinte:

Sénior 2019 (operarios, empregados e técnicos superiores): Nin sequera están definidas as bases. Tódalas prazas seguen pendentes.

Técnicos de Prevención e de Medio Ambiente: O proceso está en marcha, pero a empresa, coa escusa de que non son prazas derivadas do plan de prexubilacións, está a actuar con total opacidade. Tanta, que o vogal social (é dicir, o designado polo comité de empresa para controlar o proceso) dimitiu recentemente, farto de que a empresa o ignorase e non o informase de absolutamente nada.

Técnicos superiores júnior 2019: O proceso foi subxectivo e escurantista, até o punto de que a lista provisoria de aprobados publicouse onte, con posterioridade ó comezo dos ingresos na empresa o luns 20. Á empresa nótaselle moito que nas prazas de técnicos superiores quere manter a posibilidade de seguir enchufando.

Operarios e empregados júnior 2019: Os exames foron a semana pasada e quedaron corrixidos o mesmo día. Agora se está a baremar os candidatos/as que superaron a nota de corte prevista nas bases (28 puntos). Cando remate a baremación, poderán publicarse as listas provisorias de admitidos á seguinte fase e se abrirá o período de reclamacións. A data límite para publicalas é o 31 deste mes. A CGT esixe que as listas conteñan a información relevante de tódolos presentados a exame, superasen o corte ou non: nota do exame, puntuación do baremo detallada por conceptos e nota final da 1ª fase (exame + baremo). Navantia é unha empresa pública e debe ser completamente transparente. Ou hai algo que ocultar?

Pero nesta convocatoria as cousas non saíron como se imaxinaban a dirección de Navantia e os sindicatos que apoiaron as súas bases (todos, menos a CGT).

O previsto era que ó segundo exame (teórico-práctico) pasasen 3 candidatos por praza. Os resultados están moi lonxe disto. O panorama nas 9 especialidades convocadas é este:

- a) En 2 especialidades, as persoas que superan a nota de corte son **menos que as prazas convocadas**.
- b) En 1 especialidade, o número de persoas que superan a nota de corte **coincide co número de prazas convocadas**.
- c) En 2 especialidades, as persoas que superan a nota de corte son máis que as prazas convocadas, pero quedan **por baixo das 3 por praza previstas para o segundo exame**.
- d) En 4 especialidades, as persoas que superan a nota de corte **triplican as prazas convocadas**, como mínimo.

Dous datos resumen ben o "éxito" desta convocatoria:

1) Das 85 prazas convocadas, quedan sen cubrir **20**, case a **cuarta parte**.

2) Se, do total de prazas, descontamos as 12 de Bacharelato, quedan 73 para profesionais de oficio. Na teoría, ó segundo exame destas 73 prazas deberían acudir 219 persoas (3 por praza). Pero na práctica só van poder acudir **85**. É dicir, **máis do 60%** dos candidatos potenciais ficarán fóra.

Esta situación imprevista abriu dúas novas cuestións:

➤ **Especialidades a) e máis b):** As persoas con dereito a acudir ó segundo exame non superan as prazas convocadas. Por tanto, o segundo exame será irrelevante e, a menos que se detecte algún problema de saúde no recoñecemento médico, esas persoas teñen a praza asegurada. Infelizmente, tanto a empresa como CCOO e MAS decidiron obrígalas a acudir ó segundo exame, co "argumento" de que así está recollido nas bases.

A CGT defendeu que non tivesen que facer máis probas e fosen directamente ó recoñecemento médico. A razón do segundo exame é completar o proceso de selección. Pero se a selección quedou feita co primeiro, o segundo exame convértese nunha formalidade sen senso que só servirá para someter a máis presión a uns candidatos/as que levan meses de espera, de falta de información e de incertezas.

➤ **Especialidade a):** Tanto a empresa como tódolos sindicatos opinamos que as prazas sen cubrir non podían perderse e había que volver a convocalas. A decisión tomada finalmente pola empresa co apoio de CCOO, MAS e UGT é realizar unha convocatoria extraordinaria **coas mesmas bases**.

Todo o proceso da convocatoria de operarios e empregados júnior 2019 é un FRACASO TOTAL. De quen é a culpa? Das bases da convocatoria? Da dificultade dos exames? Que va! A culpa é desta mocidade que temos hoxe en día, que non ten nivel, que non se sacrifica e que só pensa en andar de festa rachada. É lamentable que haxa sindicatos que se sumen a este discurso. Pero non se trata só de que sexa un discurso rancio, cheo de prexuizos e propio da dereita. Como se puido ver na FIMO, nalgunhas especialidades había un número significativo de candidatos/as que xa eran adultos feitos e dereitos.

A CGT **non apoiou** as bases desta convocatoria por consideralas **inxustas**. Foron elaboradas para favorecer a determinados colectivos e prexudicar a outros: límite de 3 anos de experiencia laboral na profesión que dificulta enormemente que poidan presentarse os traballadores da industria auxiliar, un baremo sesgado para favorecer descaradamente a un determinado colectivo...

A realidade demostrou que a CGT tiña razón: estas bases son NEFASTAS. Por tanto, volver a utilízalas é IRRACIONAL. ¿E se na segunda convocatoria volven quedar prazas sen cubrir? ¿Que facemos? ¿Unha terceira tamén coas mesmas bases?

A CGT defende unhas bases mellores e máis xustas: tódalas probas deben ser obxectivas, acabar coa limitación dos tres anos de experiencia, depurar as desigualdades do baremo, prazas por profesión, publicación de temarios concretos, establecer un calendario do proceso, completa transparencia...